

**Beneficios fiscais de oficio con achega de documentación xustificativa**
Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana
IIVTNU (PLUSVALÍAS)

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

Este impreso será cumprimentado polo obrigado ao pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana só nos supostos nos que o solicitante considere que procede a aplicación de calquera dos beneficios incluídos neste modelo e o Concello de Santiago non o recoñecera previamente.

- O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

- Solicitante:** O solicitante coincidirá co obrigado ao pagamento e poderá actuar por medio de representante. O solicitante deberá achegar fotocopia do NIF/CIF/NIE. O obrigado ao pagamento será:
 - Nas transmisións **inter vivos a título oneroso** (exemplo: compravendas), o suxeito pasivo será sempre **o transmitinte**, con independencia de calquera pacto estipulado na escritura pública.
 - Nas transmisións **inter vivos a título gratuito** (exemplo: doazóns), o suxeito pasivo será sempre **o adquirente**, con independencia de calquera pacto estipulado na escritura pública.
 - Nas transmisións **mortis causa**, o suxeito pasivo é o **herdeiro**, legatario ou a comunidade de herdeiros.
 - Substituto do contribuínte:** nas transmisións a título oneroso, se o transmitinte é unha persoa física non residente en España, o adquirente é o substituto do contribuínte.
- Representante:** Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia persoal do obrigado tributario.
- Solicitude e documentación que se presenta:** Síñale o tipo de beneficio que solicita e **acompañe a documentación (orixinal ou copia compulsada), que se sinala na solicitude para cada caso.**
- Obxecto tributario:** Os datos que hai que consignar son os relativos ao ben que se transmite e pódense obter no último recibo do imposto sobre ben inmobles (IBI). No suposto de que se transmita máis dun inmovible, os datos dos obxectos tributarios deberán consignarse no ANEXO 2.

INFORMACIÓN

TIPOS DE SOLICITUDES

- Exención:** están exentos os incrementos de valor cando a obriga de satisfacer o imposto recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:
 - As **institucións benéficas** ou benéfico-docentes.
 - As entidades xestoras da **seguridade social** e mutualidades de previsión social.
 - Os titulares de **concesións administrativas** revertibles respecto aos terreos afectos a estas.
 - As persoas ou entidades exentas en virtude de **convenio internacional**.
 - A **Igrexa católica e outras igrexas**, confesións e comunidades relixiosas con acordos de cooperación con Estado español en base á disposición adicional 9.1 da Lei **49/2002**, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: As solicitudes de exención poderán presentarse en calquera momento en relación cos períodos non prescritos.

TRAMITACIÓN

- Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
- O expediente remata por resolución do órgano competente, que se lle notifica ao solicitante no seu domicilio. O prazo máximo para resolver é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA

Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.

Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

Ordenanza 1.03, reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

